

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do

30/08/1957

Colección:

Data: 30/08/1957

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanograda]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 30/08/1957

Bos Aires, 30-08-1957.

Sr. Don Valentín Paz-Andrade

Meu querido amigo:

Como na derradeira visita de despedida, apenas si tivemos tempo de falar de nada, e por isa razón que lle escribo esta carta, primeiro, pra lle agradecer de novo e con xustificada amoción, a fermosa adicatoria que subscribiu n-este exemprar do maxistral "PRANTO MATRICIAL" que tanto valor representa para min, logo, para confirmarlle a grande simpatía que me inspirou o seu Alfonsiño (máis ainda despois de saber o bon galego que resulta) e por último pra lle pedir un favor de que me esquencín na nosa "fugaz" entrevista. Desexo, que das 12.846,66 ptas que según nota de vostede, -data 26 de marzo derradeiro-figuran na miña conta do Banco, queira tomarse a molestia de lle enviar 1.000 a Clemencia, calle Valencia 23 Salamanca, outras 1.000 a unha sobriña que teño, afillada benquerida do meu Daniel, que se chama Paz González de Cot que vive en Barcelona Av. José Antonio 753-bis-4º-la, e as restantes (deixando dende logo un mínimo pra non pechar a conta) sne, pra que mas remita a min según temos falado, en canto poida facelo. Coido, que despois de estas molestias que agora lle "impoño" pasará tempo sin necesidade de cansalo novamente. Gracias por todo, pregándolle noticias sobor do particular.

¿Que tal anda Pilar co seu "cego"?

Para os tres, unha fonda aberta da súa amiga

Virxinia

[Manuscrito] ¿Fixeron un bon viaxe de regreso? Alegreime moito.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.